



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL



Primeiro trimestre de 2017

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Primeiro trimestre de 2017

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 0,3% no primeiro trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior e a nivel nacional mantívose estable. O custo laboral total en Galicia é de 2.209,76 euros, 271,99 euros inferior á media nacional (2.481,75 euros).
- O custo salarial creceu un 0,9% no primeiro trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia mentres que en España diminuíu un 0,2%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.610,01 euros mentres que a media do conxunto de España é de 1.829,13 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no primeiro trimestre do ano diminúe en Galicia o 4,2% e en España o 4,3%.
- Por comunidades autónomas, en cinco comunidades diminúe o custo laboral sendo Extremadura e Murcia as que rexistran os maiores descensos interanuais; Castilla – La Mancha e Navarra amosan os maiores incrementos.
- A xornada semanal media pactada é de 34,6 horas semanais en Galicia e de 34,2 horas en España.


| Custo laboral. Primeiro trimestre de 2017 | | | | |
|---|---|--|-----------------|-------|
| Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual | |
| 0,3 |  | Custo total | 2.209,76 | 0,3 |
| 0,6 |  | Custo salarial total | 1.610,01 | 0,9 |
| | | Outros custos | 599,75 | -1,2 |
| 0,5 |  | Cotizacións obrigatorias | 551,71 | 2,1 |
| -0,9 |  | Percepcións non salariais | 56,54 | -26,4 |
| -0,1 |  | Subvencións e bonificacións⁽¹⁾ | 8,51 | -19,3 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.209,76 euros no primeiro trimestre de 2017, co que aumenta un 0,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral mantense estable e supera en máis de 270 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.610,01 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 0,9%. En España, o custo salarial diminúe un 0,2%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 1,2% en Galicia, acadando os 1.463,14 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1635,49 euros e non varía respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 599,75 euros en Galicia, co que diminúen o 1,2%, mentres que en España aumentan un 0,5%, ata os 652,62 euros. O descenso dos outros custos en Galicia débese principalmente á diminución do 26,4% nas percepcións non salariais. En España as percepcións non salariais aumentan un 0,8%. As Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social aumentan un 2,1% en Galicia e un 0,3% en España.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na industria e nos servizos mentres que diminúe na construción.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 1,4% debido principalmente ao incremento do Custo salarial total (1,3%). Os Outros custos aumentan o 1,5%, cun aumento do 0,6% das Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e do 8,9% das percepcións non salariais.

| INDUSTRIA. Primeiro trimestre de 2017 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| 1,4 | Custo total | 2.585,2 | 1,4 |
| 1,0 | Custo salarial total | 1.875,1 | 1,3 |
| 0,2 | Outros custos | 710,1 | 1,5 |
| 0,2 | Cotizacións obrigatorias | 656,6 | 0,6 |
| 0,0 | Percepcións non salariais | 63,1 | 8,9 |
| | Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾ | 9,5 | -10,9 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 2,3% do Custo total na **Construción** débese á diminución do 37,4% das percepcións non salariais, que restan 2,6 puntos á taxa interanual. Ademais, o custo salarial total diminúe un 0,1%.

| CONSTRUCCIÓN. Primeiro trimestre de 2017 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| -2,3 | Custo total | 2.281,1 | -2,3 |
| -0,1 | Custo salarial total | 1.538,7 | -0,1 |
| 0,2 | Outros custos | 742,4 | -6,5 |
| -2,6 | Cotizacións obrigatorias | 646,3 | 0,6 |
| -0,2 | Percepcións non salariais | 100,9 | -37,4 |
| | Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾ | 4,7 | -49,8 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 0,2%. O Custo salarial crece o 0,8% mentres que os Outros custos diminúen o 1,3%, debido principalmente ao descenso das percepcións non salariais do 30,9%.

| SERVIZOS. Primeiro trimestre de 2017 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| 0,2 | Custo total | 2.111,4 | 0,2 |
| 0,6 | Custo salarial total | 1.551,3 | 0,8 |
| -1,1 | Outros custos | 560,1 | -1,3 |
| 0,6 | Cotizacións obrigatorias | 517,7 | 2,6 |
| -0,1 | Percepcións non salariais | 51,0 | -30,9 |
| | Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾ | 8,6 | -19,0 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria en Galicia é inferior en 382,6 euros á media nacional, mentres que na Construción a diferenza é de 174,2 euros.

3. Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2017, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,6 horas semanais, e destas, pérdense 3,2 horas. En España, a xornada semanal pactada é de 34,2 horas, das que se perden 3,2 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 31,5 horas semanais en Galicia e de 31,1 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia o 4,2% e en España un 4,3%. Esta diminución débese a un maior número de horas traballadas ao coincidir a Semana Santa no segundo trimestre mentres que o ano anterior fora no primeiro.


**Custo laboral por hora efectiva.
Primeiro trimestre de 2017**

| | Euros | Taxa interanual |
|----------------------------|-------------|-----------------|
| Galicia | | |
| Custo laboral total | 16,1 | -4,2 |
| Custo salarial total | 11,7 | -3,6 |
| Outros custos | 4,4 | -5,8 |
| España | | |
| Custo laboral total | 18,3 | -4,3 |
| Custo salarial total | 13,5 | -4,5 |
| Outros custos | 4,8 | -3,8 |

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexista un descenso do 0,1% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que superan en máis de 350 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo é inferior á media na mesma cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Castilla – La Mancha e Navarra mentres que os maiores descensos rexistráronse en Extremadura e Murcia. Galicia é a novena comunidade con maior incremento do custo laboral.

Custo laboral total. 1º trimestre de 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2017

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|-----------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Galicia | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 2.209,76 | 0,3 | 2.585,20 | 1,36 | 2.281,10 | -2,29 | 2.111,39 | 0,19 |
| Custo salarial total | 1.610,01 | 0,9 | 1.875,14 | 1,33 | 1.538,69 | -0,12 | 1.551,27 | 0,75 |
| Custo salarial ordinario | 1.463,14 | 1,2 | 1.657,69 | -0,13 | 1.471,77 | -0,15 | 1.414,67 | 1,64 |
| Outros custos | 599,75 | -1,2 | 710,06 | 1,46 | 742,41 | -6,50 | 560,12 | -1,34 |
| Cotizacións obrigatorias | 551,71 | 2,1 | 656,55 | 0,60 | 646,27 | 0,62 | 517,67 | 2,62 |
| Percepcións non salariais | 56,54 | -26,4 | 63,06 | 8,86 | 100,87 | -37,40 | 51,04 | -30,92 |
| Subvencións e bonificacións | 8,51 | -19,3 | 9,54 | -10,92 | 4,73 | -49,84 | 8,59 | -19,04 |
| España | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 2.481,75 | 0,0 | 2.967,80 | 0,86 | 2.455,31 | -1,28 | 2.393,60 | -0,07 |
| Custo salarial total | 1.829,13 | -0,2 | 2.178,73 | 0,79 | 1.702,05 | -1,04 | 1.773,14 | -0,30 |
| Custo salarial ordinario | 1.635,49 | 0,0 | 1.902,01 | 0,34 | 1.600,06 | -0,23 | 1.588,58 | 0,00 |
| Outros custos | 652,62 | 0,5 | 789,07 | 1,07 | 753,26 | -1,83 | 620,46 | 0,59 |
| Cotizacións obrigatorias | 590,00 | 0,3 | 721,59 | 0,92 | 669,75 | 0,56 | 560,16 | 0,10 |
| Percepcións non salariais | 74,48 | 0,8 | 78,05 | -0,04 | 92,56 | -16,48 | 72,57 | 2,73 |
| Subvencións e bonificacións | 11,85 | -9,0 | 10,57 | -14,20 | 9,04 | -5,04 | 12,28 | -8,22 |

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2017

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|----------------------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Galicia | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 16,1 | -4,2 | 17,4 | -3,6 | 15,0 | -5,1 | 15,9 | -4,4 |
| Custo salarial total | 11,7 | -3,6 | 12,6 | -3,6 | 10,1 | -3,1 | 11,7 | -3,9 |
| Custo salarial ordinario | 10,7 | -3,4 | 11,2 | -5,0 | 9,7 | -3,1 | 10,6 | -2,9 |
| Outros custos | 4,4 | -5,8 | 4,8 | -3,6 | 4,9 | -9,1 | 4,2 | -5,8 |
| España | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 18,3 | -4,3 | 19,9 | -4,0 | 16,3 | -6,0 | 18,2 | -4,2 |
| Custo salarial total | 13,5 | -4,5 | 14,6 | -4,1 | 11,3 | -5,8 | 13,4 | -4,5 |
| Custo salarial ordinario | 12,1 | -4,3 | 12,8 | -4,5 | 10,6 | -4,9 | 12,0 | -4,1 |
| Outros custos | 4,8 | -3,8 | 5,3 | -3,8 | 5,0 | -6,4 | 4,7 | -3,3 |

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Primeiro trimestre de 2017

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|
| | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas |
| Galicia | | | | | | | | |
| Ambas xornadas | 31,5 | 3,2 | 34,1 | 4,0 | 35,0 | 3,6 | 30,6 | 3,0 |
| Tempo completo | 35,3 | 3,7 | 34,1 | 4,2 | 35,7 | 3,7 | 35,3 | 3,5 |
| Tempo parcial | 17,9 | 1,6 | 22,9 | 2,3 | 13,1 | 1,3 | 17,4 | 1,6 |
| España | | | | | | | | |
| Ambas xornadas | 31,1 | 3,2 | 34,3 | 3,4 | 34,7 | 3,0 | 30,3 | 3,2 |
| Tempo completo | 35,3 | 3,7 | 35,8 | 3,6 | 36,2 | 3,2 | 35,1 | 3,7 |
| Tempo parcial | 18,2 | 1,6 | 19,5 | 1,4 | 18,2 | 1,0 | 18,1 | 1,7 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Primeiro trimestre de 2017

| | Custo laboral por traballador e mes | | | Custo laboral por hora efectiva | | |
|----------------------|-------------------------------------|-----------------|-----------------|---------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual |
| España | 2.481,8 | 97,7 | 0,0 | 18,3 | 93,7 | -4,3 |
| Andalucía | 2.199,8 | 95,3 | -0,5 | 16,7 | 92,3 | -4,4 |
| Aragón | 2.297,8 | 94,9 | 0,1 | 17,5 | 92,3 | -2,6 |
| Asturias | 2.521,8 | 101,3 | 1,9 | 18,7 | 97,0 | -1,9 |
| Balears, Illes | 2.310,2 | 97,7 | 0,6 | 17,3 | 98,9 | -3,9 |
| Canarias | 2.118,0 | 100,5 | 0,6 | 15,2 | 95,7 | -5,4 |
| Cantabria | 2.365,3 | 103,0 | 1,4 | 17,1 | 95,8 | -3,4 |
| Castilla y León | 2.191,1 | 93,4 | -1,6 | 16,8 | 90,8 | -3,5 |
| Castilla-La Mancha | 2.234,8 | 95,9 | 4,1 | 16,5 | 93,5 | -1,2 |
| Cataluña | 2.590,8 | 95,1 | -1,2 | 18,8 | 89,5 | -5,9 |
| Comunitat Valenciana | 2.244,2 | 97,4 | 2,1 | 16,6 | 93,2 | -4,9 |
| Extremadura | 1.972,3 | 92,0 | -3,1 | 15,4 | 92,9 | -4,1 |
| Galicia | 2.209,8 | 100,2 | 0,3 | 16,1 | 96,2 | -4,2 |
| Madrid | 3.023,3 | 102,4 | 0,1 | 21,8 | 99,3 | -2,6 |
| Murcia | 2.184,9 | 94,9 | -2,9 | 16,1 | 88,8 | -6,1 |
| Navarra | 2.635,8 | 99,6 | 3,7 | 19,6 | 92,6 | -4,3 |
| País Vasco | 2.859,4 | 96,2 | 0,8 | 21,8 | 90,3 | -4,2 |
| Rioja, La | 2.265,3 | 96,2 | 0,3 | 16,6 | 88,5 | -6,3 |

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Primeiro trimestre de 2017

| | Custo salarial por traballador e mes | | | Custo salarial por hora efectiva | | |
|----------------------|--------------------------------------|-----------------|-----------------|----------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual |
| España | 1.829,1 | 97,1 | -0,2 | 13,5 | 93,2 | -4,5 |
| Andalucía | 1.602,1 | 94,3 | -0,7 | 12,1 | 91,4 | -4,6 |
| Aragón | 1.676,9 | 93,9 | 0,6 | 12,8 | 91,4 | -2,1 |
| Asturias | 1.834,9 | 100,0 | 0,7 | 13,6 | 95,8 | -3,0 |
| Balears, Illes | 1.702,7 | 97,7 | 0,5 | 12,8 | 98,9 | -3,9 |
| Canarias | 1.550,1 | 99,8 | 0,7 | 11,1 | 95,0 | -5,3 |
| Cantabria | 1.725,1 | 102,2 | 0,6 | 12,5 | 95,0 | -4,1 |
| Castilla y León | 1.592,9 | 93,3 | -1,6 | 12,2 | 90,7 | -3,6 |
| Castilla-La Mancha | 1.614,0 | 94,7 | 3,5 | 11,9 | 92,3 | -1,8 |
| Cataluña | 1.920,3 | 94,4 | -1,0 | 14,0 | 88,8 | -5,9 |
| Comunitat Valenciana | 1.652,4 | 97,4 | 2,0 | 12,2 | 93,1 | -5,0 |
| Extremadura | 1.438,0 | 90,5 | -4,1 | 11,2 | 91,4 | -5,1 |
| Galicia | 1.610,0 | 99,5 | 0,9 | 11,7 | 95,5 | -3,6 |
| Madrid | 2.264,8 | 102,3 | -0,3 | 16,3 | 99,2 | -3,0 |
| Murcia | 1.600,9 | 94,6 | -3,4 | 11,8 | 88,6 | -6,6 |
| Navarra | 1.942,1 | 99,8 | 3,8 | 14,5 | 92,8 | -4,2 |
| País Vasco | 2.095,3 | 94,2 | 0,0 | 16,0 | 88,4 | -4,9 |
| Rioja, La | 1.671,0 | 96,1 | 0,3 | 12,3 | 88,3 | -6,3 |

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Primeiro trimestre de 2017

| | Outros custos por traballador e mes | | | Outros custos por hora efectiva | | |
|----------------------|-------------------------------------|-----------------|-----------------|---------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2012=100 | Taxa interanual |
| España | 652,6 | 99,4 | 0,5 | 4,8 | 95,3 | -3,8 |
| Andalucía | 597,7 | 98,0 | 0,1 | 4,5 | 95,0 | -3,8 |
| Aragón | 620,9 | 97,6 | -1,1 | 4,7 | 94,8 | -3,9 |
| Asturias | 686,9 | 105,0 | 5,4 | 5,1 | 100,4 | 1,2 |
| Balears, Illes | 607,5 | 97,7 | 0,8 | 4,6 | 98,9 | -4,0 |
| Canarias | 567,9 | 102,6 | 0,2 | 4,1 | 97,6 | -5,8 |
| Cantabria | 640,2 | 105,1 | 3,6 | 4,6 | 97,9 | -1,5 |
| Castilla y León | 598,2 | 93,7 | -1,5 | 4,6 | 91,2 | -3,4 |
| Castilla-La Mancha | 620,8 | 99,2 | 5,7 | 4,6 | 96,8 | 0,4 |
| Cataluña | 670,5 | 97,2 | -1,5 | 4,9 | 91,6 | -6,2 |
| Comunitat Valenciana | 591,7 | 97,5 | 2,3 | 4,4 | 93,2 | -4,6 |
| Extremadura | 534,2 | 96,2 | -0,4 | 4,2 | 97,0 | -1,2 |
| Galicia | 599,8 | 102,0 | -1,2 | 4,4 | 98,0 | -5,8 |
| Madrid | 758,5 | 102,8 | 1,3 | 5,5 | 99,6 | -1,4 |
| Murcia | 584,0 | 95,5 | -1,5 | 4,3 | 89,6 | -4,7 |
| Navarra | 693,7 | 99,1 | 3,4 | 5,2 | 92,0 | -4,6 |
| País Vasco | 764,1 | 102,3 | 2,9 | 5,8 | 96,0 | -2,2 |
| Rioja, La | 594,3 | 96,4 | 0,2 | 4,4 | 89,0 | -6,2 |

Fonte: INE